



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 18 DE MARZO DE 2017.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.
Adolfo Puch Domínguez

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS
Antonio Alemparte Gonzalvo
José Luis Faro Fortes
Raúll Leirós Gutierrez

ESTAMENTO DE ÁRBITROS
Xosé Lois Freixeiro López

ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS
Agrupación Montañeiros Independientes
Club Montaña Ferrol
Club Montañeiros Celtas
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Club Montaña Xistra
Sociedad de Montaña Ártabros
Club de Montaña O Caxado

Félix Criado Alonso (Presidente)
Xan Antón Ramírez Gómez (Presidente)
Concepción Barciela Villar (Vocal representate)
Cristina Conde Pérez (Secretaria)
Xosé Henrique Freixeiro Cameselle (Presidente)
Fernando Cancelo Barbeito (Presidente)
Manuel Doce Blanco (Presidente)

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez
Alberto Canle Campuzano
Antonio Paredes Chapela
Eduardo Barrosa Picón
José Antonio Villar Comesaña

César Álvarez Pérez

Fernando Pérez Iglesias
José Manuel Pérez Prego
David Pérez Araujo

Tesoureiro
Secretario Xeral e Coordinador de Sendeirismo
Vogal de Barranquismo e Material Deportivo
Vogal de Andainas
Vogal Equipamento Zonas de Escalada e Delegado Equipo Escalada
Vogal de Escalada de Competición e Asesor de Estructuras de Escalada
Vogal de Actividades infantiles
Director Técnico da F.G.M.
Director da E.G.A.M.

Excusa a súa ausencia D^a Katia Sanz Ochoa.

- **Apertura da Asemblea.**

En segunda convocatoria, comeza a reunión as 16,30 horas dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvida ós asistentes. De seguido se procede a desenrolar a orde do día.

- **Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**

Dado que a acta anterior foi remitida con anterioridade, se pregunta si se pasa a lectura da mesma e se procede a sometela a aprobación.

Intervén o Sr. Freixeiro Cameselle para indicar que na páxina 3, parágrafo 9, non se recolle fielmente o sentido do que se dixo na Asemblea anterior polo que solicita a corrección do mesmo.

Responde o Sr. Canle para indicar que na vindeira Asemblea se presentará un documento modificativo para recoller a intervención do Sr. Freixeiro Cameselle.



• Memoria de actividades do ano 2016.

Toma a palabra o Presidente Sr. Puch para reseñar en cifras o número de participantes nas actividades durante o ano 2016.

Formación	12 cursos	10 clubs	53 participantes
Escalada	3 actividades	11 clubs	90 participantes
Carreiras x Montaña	8 actividades	46 clubs	532 participantes
Andainas	10 actividades	16 clubs	576 participantes
Actividades clásicas	7 actividades+2 estatais	14 clubs	259 participantes
	42	97 clubs	1530 participantes

Explica que pode haber pequenos erros, xa que a persoa que levaba a elaboración do baremo de participación nas actividades, por razóns persoais, dimitiu, o que foi aceptado polo Presidente logo de agradecerlle a labor realizada no tempo en que desempeñou estas funcións.

Continúa a intervención indicando que vai medrando a participación no cómputo total de actividades federativas o que se reflexa tamén no incremento de licencias federativas.

Se somete a votación este apartado e é aprobado por unanimidade.

• Peche das contas do ano 2016.

Ó comezo de este capítulo toma a palabra o Sr. Freixeiro López para solicitar que conste en acta o feito de que non recibe en formato papel as citacións e documentación emitida pola Xunta de Goberno sobre as Asembleas.

O Presidente Sr. Puch insiste en que nos últimos anos as comunicacións os Asembleístas faise sempre por correo electrónico, no obstante, trataremos de enviarlle ademais por correo ordinario toda a documentación.

Intervén o Tesoureiro Sr. Fandiño para facer un análise sobre o estado das contas da Federación nos seus diferentes afastados.

A principal inxedanza actual por parte da F.G.M. é acentuar a política de contención dos gastos a fin de acadar o equilibrio orzamentario e evitar o déficit dos derradeiros exercicios contables.

De seguido, comenta o bo comportamento das licencias cuns ingresos de 61.086,36 euros, os ingresos por tramitación de proxectos de sendeiros e por contra, resalta a baixa ocupación dos refuxios e o descenso nas subvencións da Xunta de Galicia que pasou nos derradeiros anos de 48.000 euros a 14.000.

Toma a palabra o Sr. Puch para comentar que semella que as axudas da administración tocaron fondo, xa que para o ano que corre, no convenio no que se reflectiron importantes proxectos de competición, tecnificación, rendemento, potenciación da canteira e equipo feminino de escalada, asinouse por un importe de 15.719,70 euros o que representa un incremento dun 8% e un cambio destacable de tendencia nas axudas públicas ó noso deporte.

Retoma a palabra o Sr. Fandiño para resaltar o descenso do déficit de arredor de 32.000 a 9.000 euros e que das licencias, arredor de 65.000 euros son para a F.G.M. e aproximadamente 175.000 para a compañía de seguros.

Intervén a representante de Club Montañeiros Celtas Sra. Barciela para solicitar a revisión del reparto entre los cinco primeiros clasificados en el baremo federativo y solicita el listado coas cifras de participación en actividades e licencias federativas.

Solicita a palabra o Sr. Freixeiro Cameselle para indicar que máis que os números das contas federativas, lle preocupa o balance negativo amosado nos derradeiros anos, e comenta que cando outras federacións entran en perdas e dan en quebra, son os clubs os que teñen que acudir a salvas.

Responde o Sr. Fandiño que está de acordo co plantexamento pero que a Xunta ven reducindo as axudas e que non hai ningunha proposta para solventar esta situación.

O Sr. Puch indica que as axudas estiveron a sufrir fortes descensos – de 48.000 a 14.000 euros – e que pese á melloría deste ano, a medio prazo poderían chegar incluso a desaparecer.

O Sr. Freixeiro López di que hai unha proposta da Comisión Delegada para ter unha reunión coa Secretaría Xeral de Deportes para saber o por qué deste descenso de axudas.

Retoma a palabra o Sr. Freixeiro Cameselle para indicar que é un erro dicir que se subvenciona ós clubs tres veces e que hai que comezar a facer recortes en outras cousas pero non en deporte. Engade que fai anos que o baremo se paga con recursos propios, e que con o dobre de licencias hai o triplo de gastos de persoal e se ofrece para traballar para a F.G.M. ante a Xunta de Galicia.

Intervén o Sr. Ramírez para dicir que no se pode ir sempre cara abaixo e que lle preocupa a situación. Se pregunta si a federación de fútbol é igual a nos, pensa que non, e que algo fixemos como aumentar os ingresos por



licencias e baixar o importe do baremo, e que hai que ir dando pasos reducindo algúns aspectos das contas pero insiste en que non podemos ir para atrás.

Toma a palabra de novo a Sra. Barciela para preguntar sobre os gastos de sendeirismo e representación ó que lle responde o Sr. Canle que ós primeiros corresponden a once desprazamentos por homologación de sendeiros e catorce de revisións bianuais de sendeiros xa homologados; respecto dos segundos corresponden a os desprazamentos de directivos a reunións con organismos autónomicos e da F.E.D.M.E.

A Sra. Conde solicita que se lle remitan as contas con máis antelación.

O Sr. Freixeiro López nota en falla a rebaixa da cuantía do baremo, 6.600 euros pendentes de aplicación e pide valorar os refuxios.

Se somete a votación este punto da orde do día cun resultado de dez votos a favor, cero en contra e dúas abstencións.

• **Proxecto deportivo e de xestión para o ano 2017.**

O Presidente Sr Puch lee un documento no que se recollen os aspectos máis salientables do proxecto deportivo e de xestión para o ano en curso.

O Sr. Puch destaca que os esforzos federativos para este ano 2017, terán lugar a Copa Galega de Andainas de 50 Km., a Copa Galega de Carreiras por Montaña, a Copa Galega de Clubes de Escalada en Bloque Indoor, a Copa Galega de Escalada Base e o Campionato Galego de Escalada en Bloque.

Continuará o apoio as actividades de Montañismo Clásico federativas.

Este ano terá lugar o Acto Central do Día do Sendeirista de España da Fedme en Galicia concretamente en A Cañiza (Pontevedra).

A primeira proba da Copa de España de Marcha Nórdica Fedme tivo lugar neste mes en Galicia, na cidade da Coruña, con importante participación e éxito de organización, pese a que estamos nos inicios de esta nova modalidade federativa.

Imos continuar a laboura xa iniciada de Tecnificación deportiva en Escalada e Carreiras por Montaña, con partidas significativas dentro do noso Orzamento aprobado en decembro.

Recibirá un impulso o Equipo Feminino de Escalada.

Seguiremos a laboura didáctica federativa por medio da nosa EGAM, con gran cantidade de cursos de todas as especialidades.

Fomentaremos como estamos a facer nos últimos anos a creación e integración de novos Clubs de Sendeirismo, Carreiras por Montaña, Escalada, etc. e seguir subindo o número de Licencias Deportivas e Clubs, que este ano alcanzan máis de 90 entidades deportivas e esperamos rematar o ano perto das 5000 licencias deportivas.

Continuaremos os contactos coas Administracións cara o desenrolo do noso deporte. Este ano cambiamos a tendencia dos anos de crise de descenso da axuda pública, o convenio coa Xunta de Galicia medrará o monto nun 8% e un unicio. A Administración Autonómica por medio dos seus novos responsables de Deportes, manifestaron total sintonía coa traxectoria e accións postas en marcha pola nosa Federación nos derradeiros anos, non sin pasar moitas dificultades e apostar polo futuro nos campos da Tecnificación e Competición.

Temos unha serie de iniciativas de colaboración cara o Deporte Escolar e utilización dos refuxios federativos polos colexios que esperamos cheguen a bo porto.

Queremos continuar e incrementar o fomento e difusión das nosas modalidades deportivas nos medios de comunicación propios e alleos.

Baixamos moi significativamente o deficit do ano 2015 e esperamos nun par de anos volver a senda do superávit, tras a travesía do deserto da baixa xeneralizada de subvencións e axudas o deporte.

Debemos acostumbrarnos a que as axudas que hai hoxe en día, deben tender a ter un carácter finalista e promocionar fundamentalmente Competición e Tecnificación.

Ante o importante crecemento da nosa federación estamos a realizar accións para mellorar os trámites administrativos e de xestión, non e o mesmo ter 2000 federados que estar xa perto dos 5000. Temos que redireccionar unha serie de contactos e trámites que incrementan moito o traballo federativo.

Sen dúbida, pensamos que imos polo bo camiño, non exento de moito traballo e dificultades.

• **Orzamento para o ano 2017.**

Aborda este punto o Sr. Puch explicando as cifras do orzamento para o ano en curso aprobado na Asemblea de Decembro pero axustando os datos, tendo en conta a subvención da Consellería de Deportes.

Toma a palabra o Sr. Freixeiro Cameselle recomendando equilibrar os gastos de actividades deportivas.



• Organización das actividades para o ano 2018.

O Presidente Sr. Puch solicita ós presentes a colaboración para organizar as actividades clásicas do calendario federativo que quedan como sigue:

18/2	Percorrido de Esqui de Montaña	Agrup.Mont. Independientes
1/4	III Día do Senderista Galego	Club Peña Trevinca M. Galicia
10/6	XXXI Marcha Galega con Vivac	Club Montañeiros Celtas
8/7	XXIV Descenso Galego de Barrancos	
9/9	XXIX Marcha Montañeiros Veteranos	Club Peña Trevinca M. Galicia
22 e 23/9	Campamento e Marcha infantil-xuvenil	Agrup.Mont.Independientes
16/12	Día das Montañas	

• Nomeamento do Mellor Club Galego do ano 2017.

Comunica o Sr. Puch que debido á dimisión do anterior Vogal de Actividades Sr. Soto, foi necesario facer un repaso das cifras recollidas no resumo e que se atoparon algunhas discrepancias que non afectan de xeito substancial ós resultados recollidos no resumo, e que en breves datas se fará envío da documentación ós clubs e asembleístas.

• Propostas dos Asembleístas.

Toma a palabra a representante de Club Peña Trevinca Sra. Conde para dar lectura a proposta presentada polo seu club (Anexo I) e reitera a petición de que se convoque unha Asemblea Xeral Extraordinaria para antes do verán e tratar os temas indicados. Se somete a votación co resultado de doce votos a favor, cero votos en contra e cero abstencións.

Intervén o representante de Club Montaña Ferrol para expoñer de xeito somero a proposta do seu club (Anexo II) que se resume en: 1º Abolir o baremo para o reparto de axudas federativas e establecer un novo regulamento das axudas na Asemblea Xeral Extraordinaria e 2º Crear unha comisión para o estudo de ambos documentos presentados.

Para o estudo dun novo baremo, se propón unha comisión composta por Club Montañeiros Celtas, Agrupación de Montañeiros Independientes, Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia, Club de Montaña Ferrol, Club de Montaña Xistra, Xosé Lois Freixeiro López, Jose Luis Faro Fortes e Raúl Leirós Gutierrez.

Rogos e preguntas.

El Secretario Sr. Canle da lectura ós rogos da Sra. Sanz (Anexo III) que responde do xeito que sigue:

1º.- As datas de envío de convocatorias de Asembleas se fan dentro do prazo establecido polos estatutos da F.G.M. e de poderse enviar antes a convocatoria da mesma, se fai pero tendo en conta que non sempre se conta coa documentación con antelación suficiente para facelo dese xeito.

2º.- En este punto se plantexou un debate sobre a data de celebración da Asemblea Xeral e logo de varias aportacións dos presentes, se chegou á conclusión de que este evento se pode determinar con suficiente antelación – finais de ano – e logo dentro dos prazos, remitir a documentación necesaria ós asembleístas para o seu estudio e aportación de propostas.

3º.- Respecto ó envío das actas no prazo de tres meses, o Secretario Sr.Canle lembra que ese dato non consta aprobado logo da presentación dunha proposta e posterior sometimento a votación. Os rogos que se fan nas Asembleas se poden atender sempre que as circunstancias de traballo e personais o permitan.

4º.- Comunica o Sr. Canle que a Xunta de Goberno da Federación Galega de Montañismo ten interés en resolver este tema, pero será logo de solicitar a modificación do actual nome da F.G.M. por outro axeitado ós tempos e que recolla mais amplamente a diversidade de modalidades deportivas que se van incorporando á Federación, xa que non parece razoable aprobar hoxe uns regulamentos para dentro de pouco tempo imos a vernos obrigados a modificar.

Reflexiona o Sr. Freixeiro sobre o feito que cada vez é mais frecuente que os clubs organicen actividades coincidindo con outras programadas pola Federación, e solicita que se organice unha reunión de Técnicos de Sendeiros e de Árbitros de Carreiras por Montaña.

O Sr. Doce solicita que non se solapen las andainas e propón unha solución a la aragonesa.

O Sr. Freixeiro Cameselle engade que nas andainas de 50 quilómetros falta organización, o calendario é moi forzado e que hai que repartir as actividades e que unha proba de 100 km. non coincida cunha CxM, e que sería desexable facer o calendario a primeiros de ano.

Continúa a súa intervención cunha queixa sobre un corredor de CxM do seu club, solicitou o ingreso na selección a custe cero, e non tivo resposta por parte do vogal responsable do tema.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G-36.630.259



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

A Sra. Conde solicita información sobre as porcentaxes dos importes correspondentes á F.G.M., F.E.D.M.E. e compañía de seguros a lo que le responde el Sr. Puch coas cifras correspondentes a cada organismo. Continúa a súa intervención indicando que a saída ó Atlas Marroquí se convocou con pouco tempo e de haí a baixa participación.

El representante do Sociedad de Montaña Ártabros Sr. Cancelo, expón unha serie de criterios sobre as Carreiras por Montaña que por razón ausencia do vogal responsable da área non era posible darlle explicación polo que o Secretario Xeral lle solicita o documento que contía as suxestións para incorporala á acta (Anexo IV).

Por obrigacións de tipo laboral o Presidente Sr. Puch vese obrigado a abandonar a sala as 17,45 horas e agradece a asistencia os assembleistas, e pide disculpas por ter que ausentarse por motivos de forza maior.

Sendo las 19,20 o Vicepresidente 1º Sr. Leirós, da por concluída á Asemblea.

Adolfo Puch Domínguez
Presidente



Alberto Canle Campuzano
Secretario Xeral



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO
Luís ksado, nº 17-of. 10
36209-VIGO

Vigo, 7 de marzo de 2017

PRESIDENTE

Adolfo Puch Domínguez

Estimado Adolfo:

Estando próxima xa a convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria da FGM e tendo en conta que, na anterior asemblea celebrada o 23 de abril de 2016 na túa exposición do Proxecto Deportivo e de Xestión para o ano 2016, comentáchenos aos asistentes a mesma unha serie de medidas a tomar de xeito progresivo (ver acta) as cales se deberían tratar nunha Asemblea Extraordinaria, segundo se solicita tamén noutro punto da referida acta, dende o Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia creemos que é bo momento para abordar xa esas medidas que mencionas.

Parece ser que preferides que as iniciativas para tratar estes asuntos partan dos clubs e, por tal motivo, SOLICITO, como membro da Asemblea Xeral da FGM, que na convocatoria da vindeira Asemblea Ordinaria 2017 se inclua na Orde do día un punto no que se solicite o seguinte:

*) Aprobación, ou non, dunha Convocatoria de Asemblea Xeral Extraordinaria na que se tratarían os seguintes puntos:

- Establecemento dunha cota federativa aos clubs
- Modificación aspectos deportivos e económicos baremo mellor club de Galicia

Agardando que esta solicitude sexa recibida de xeito positivo, e que polo menos xa con estes dous puntos poidamos mellorar en parte o equilibrio orzamentario da federación, tamén quero recordar que tanto na asemblea ordinaria de abril como na extraordinaria de decembro solicitamos que xunto coa convocatoria e as contas nos enviarades a puntuación detallada dos clubs no referido baremo. Pedímolos para facer unha mellor observación do mesmo e porque pensamos que xa se debería estar facendo dende hai moitos anos.

NOTA: Non poremos ningunha obxección a que, si o considerades necesario, poñades algún outro asunto a tratar dentro deste punto que nós propoñemos.

O Presidente

Carlos Garrido Costas DNI 36014319E

Para incorporación a Asamblea Xeral:

Dende o C. Montaña Ferrol en contacto con algunha outra entidade, asistimos como ano a ano, mantense a dinámica de aplicar un baremo, absolutamente obsoleto, descoñecido para moitas das novas entidades, e que xa non responde os tempos que corren.

Por outra banda, todos os anos vemos que hai eivas, no apoio a determinadas actividades, algunhas de promoción, e outras de alto nivel deportivo. Mentras que hai una duplicidade na cobertura de gastos de determinadas actividades federativas. Isto pon en entredito a persistencia do actual sistema de apoios.

Por todo isto, tomando como referencia a convocatoria anual da FEDME, creemos que hai que centrar os esforzos en apoiar determinadas actividades e non facer una "tábula rasa" entre as entidades, que logo ademáis solemos saír sempre beneficiadas as mesmas, pechando o acceso a axudas a aquelas entidades e deportistas que poden desenrolar programas deportivos, dignos de ter en conta, e que fagan desenrolar o noso deporte, en toda a comunidade e en todas as suas vertentes.

Entre as dúas entidades presentamos un proxecto, a completar con suxerencias de todos os clubs de Galicia, e poñer en marcha, xa este ano, cambiando o actual sistema.

Polo que sometemos a Asemblea:

A posta fora de uso do actual sistema de subvencions a partir de xa, e abrir un periodo de consulta entre todos os

clubes e redacción dun novo regulamento na idea do avanzado, que se someta a vindeira Asamblea Xeral.

— Adjuntos: _____

PREMIOS subvenciones FGM 2.docx

26,8 KB

Boas tardes:

Como representante dos técnicos na Asemblea da Fgm, solicítolles a inclusión, onde proceda dentro da orde do día da vñdeira Asemblea ordinaria, a celebrar o 18 de abril de 2017:

A explicación da Fgm sobre o estado no que se atopa a tramitación do novo regulamento da Egam así como as razóns do retraso da aprobación do mesmo.

Pedíralles respostasen tanto a este correo como ao anterior.

Un saúdo e grazas pola sea atención

Katya Sanz

Re: CONVOCATORIA DE ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FED...

Boas tardes,


Recibida a convocatoria de Asemblea xeral ordinaria, solicítolles:

- O envío da convocatoria cun prazo máis amplo de tempo (aínda que xa sei que se enviou no límite de tempo mínimo estipulado nos estatutos da FGM), co obxecto de posibilitar a asistencia do maior número de asembleístas posible. No meu caso particular, esta é a causa de que NON me sexa posible acudir, xa que traballo e non teño tempo de solicitar un cambio.
- Que no punto 10.- Rogos e preguntas, da orde do día, se trate a seguinte proposta: que a convocatoria de asemblea ordinaria, debido a súa importancia, se faga cunha antelación dun mes, para favorecer a asistencia, xa que é onde se tratan os asuntos de maior relevancia do ano en curso, é a dirección da FGM debería facilitar á máxima asistencia dos seus representantes.
- O envío previo da acta a aprobar, como quedou establecido e aprobado por escrito en varias actas anteriores e solicitado no meu caso de xeito reiterado (quedouse nun prazo de tres meses dende a celebración da asemblea), ademais dos documentos que sexa necesario aprobar se é o caso. Este punto é moi importante, para poder presentar propostas de modificación das actas ou aclaracións sobre os documentos, o que axilizará os trámites e debates na asemblea.

Grazas e un saúdo

Katya Sanz Ochoa
Representante dos técnicos na Asemblea da FGM

- Crecimiento de ~~licencias~~ clubs ^(mayoría de cx17) y por ende licencias.
- No se vieron aumentadas las necesidades de los deportistas



1. Falta de difusión.
2. Píndimo funcionamiento de la Web.
 - Se tarda en publicar información,
 - No se actualizan Clasificaciones o se tarda mucho.
3. Falta de implicación de la FCTI en la organización
4. Incoherencia a la hora del calendario. ~~entre~~ FCTI - FEDTE
5. Criterios claros en las puntuaciones
6. Inexistencia de KV y Utros (Cplos)
7. Falta de comunicación con los clubs ???
8. Falta de inversión en la base.
9. " de seleccionador cargo con experiencia y titulado para unas correctas convocatorias y seguimiento de los deportistas.
10. Falta de criterios objetivos y rankings para facilitar el acceso a las selecciones y a puestos federativos.
11. Falta de concentraciones para ver el estado físico de los deportistas
12. Participación no tanto a las femeninas.
13. Rotación real de los jueces en las pruebas.